

**LOIS PEREIRO**

**LETRAS GALEGAS**

**2011**

**CEIP DE ANDRADE.**

## 1.-TÍTULO DO TRABALLO:

### **QUE É GALICIA? LOIS PEREIRO, LETRAS GALEGAS 2011.**

## 2.-INTRODUCCIÓN:

A base deste traballo partiu do tema:”O NOSO ENTORNO”, proxecto que este curso estamos a traballar no noso centro.

Despois de ler a obra de Lois Pereiro, decidimos elixir o poema “Qué é Galicia?”( do libro “Poemas 1981/1991) xa que o consideramos que os temas que o poeta expresou nel, pódense relacionar co noso proxecto.

Neste traballo, non só participaron todo o alumnado e profesorado do centro, senón tamén, as familias e entidades públicas que nos aportaron documentación gráfica e información que posteriormente se empregou para a realización dos murais.

## 3.-REALIZACIÓN DO TRABALLO:

Foi realizado por todos os niveis educativos. O Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística, elixiu as palabras que considerou máis representativas da nosa terra, así como tamén, as palabras ou ideas que os nen@s comprendían mellor, contando sempre coa grande riqueza do noso entorno.

Pedímoslle a colaboración aos pais, os cales nos aportaron fotografías dos diferentes temas, estas fotografías déronnoslas en distintos soportes dixitais: pinchos, CD. Impresas, en papel...Despois, fixemos o traballo de selección, impresión das mesmas e reparto aos distintos cursos.

Empezamos a traballar coas palabras polo seguinte orde alfabético:

\_A Educación Infantil correspondeulle o tema da **AUGA** : o ciclo da auga(tres anos), o mar(catro anos) e o río(cinco anos).

\_ **AS ÁRBORES** foi a palabra que traballaron os alumnos de terceiro curso.

\_Sempre a tristura da **EMIGRACIÓN**, a morriña de deixar a terra. Así nolo expresaron os de quinto.

\_Coa palabra **FESTA** elaboraron o seu mural, os nenos e nenas de cuarto.

\_Non podemos deixar de plasmar a gran tenrura que significa a palabra **FOGAR** feita polos de primeiro.

\_Temos unha grande riqueza na nosa bisbarra deixada polos nosos antergos, é **A NOSA HERDANZA**, investigada polos alumn@s de quinto.

\_Toda a nosa terra está chea de **MISTERIO**, de brétema...así nolo expresan o segundo curso.

\_Como non podía faltar a grande palabra **PATRIA**, preñada de todo sentimento traballo plasmado polo primeiro curso.

\_Nada expresa máis a alma do galego, que a palabra **RURAL**,feito por sexto.

\_Galicia chea de vidas, dos nosos **VELLOS**, dos nosos avós, así nolo contaron os rapaces e rapazas de terceiro.

\_Sempre **VERDE**, VERDE...campos, montes, vales, ceo...Traballado polos de segundo.

**3.1-PORTADA:¿QUE É GALICIA?**(guión televisión)emitido pola TVG o 25 de Xullo de 1988, publicado no libro **“POEMAS 1981/1991”**.

Está realizada en forma de colaxe, imitando a bandeira de Galicia, co nome do título do traballo. As fotos representan toda a alma de Galicia, a súa paisaxe, historia, homes e mulleres que loitan cada día. a súa inmensidade e grandeza...

**3.2-A AUGA**(murais nº1,2 e 3):”**Auga...O Atlántico é a Alma e o Acantilado o corpo da súa chamada Atroz...Auga e silencio, onde trasborda a alma...Río, rumor da vida, relixión das augas...**”(Lois Pereiro).

Estes murais representan toda a nosa riqueza das nosas augas, as nosas fontes, o noso río (Eume),o noso mar(A nosa ría de Ares-Pontedeume), a nosa costa.

Traballouse o tema da auga, o seu ciclo, a súa importancia. Fixéronse contos sobre o tema:”As tres pingas de auga”e “O arco da vella”, que os nen@s esciotaron, pintaron e representaron. Ademáis cantaron cancións sobre o tema:”Que choiva,que choiva”.

O mural nº1, representa o ciclo da auga, é unha nube chea de pingas, está feita con esponxa facendo círculos. Esa auga que cae a terra en pingas, e xuntas forman as fontes que nos dan a rica auga para beber. A fonte está feita con esponxa dándolle pequenos golpes, facendo como de pedra.

O mural nº 2,representa a auga do mar, feita con papel de celofán. Pegaron e pintaron os peixes e as estrelas co relevo. Pintaron as letras que van dentro das burbullas da auga.Falaron sobre a vida do mar:as algas,os peixes... Comentaron as tarefas que fan os que traballan na nosa ría: os mariñeiros,as mariscadoras...Tamén falaron sobre a utilidade dun porto,dos barcos...

O mural nº 3, representa a fervenza dun río, o noso río Eume. Realizouse con papel de celofán, pintando os remuíños da auga, tamén pintaron as penas, recortaron e colocaron as fotos. O tema a tratar foi da vida dos ríos: os peixes e outros animais que viven neles, mostróuselles as diferentes especies que habitan no noso río, tendo en conta que está nas Fragas do Eume e que pola súa diversidade é un espazo protexido que debemos coidar e protexer especies que poden desaparecer.

**3.3-AS ÁRBORES**(muaral nº 4):”**A Arbre ó pé da Arbre, e a ledicia do espacio circundante**”...(Lois Pereiro).

Traballouse primeiro polas árbores que eles coñecían, facendo debuxos e describindo as súas follas e froitos. Partindo da súa relixión, traballouse outras árbores de importancia no noso entorno, sobre todo das Fragas do Eume. Expuxeron a utilidade desas árbores, da nosa riqueza forestal, dos problemas de deforestación e contaminación.

Presentaron o traballo elexindo as árbores máis significativas para eles, acompañadas da súa creación propia. facendo un debuxo manifestando o seu sentimento.

### **3.4-A EMIGRACIÓN(mural nº5):”Emigración: o Estímulo do noso Exilio interior que nos leva polo Leste cara a Europa, polo mar cara ó Éxito e a Enfermidade, e sempre ó eterno Estrañamento do espírito”. (Lois Pereiro).**

Intentamos comparar un paxaro que se vai alén dos mares a outras terras, como todo o pobo galego que tivo que emigrar a outros países abandonando a súa xente, o seu fogar, para acadar unha vida máis digna.

No mural empregamos distintas técnicas: eleximos as fotos que nos pareceron máis impresionantes sobre a emigración, que expresen non só, un abandono físico senón tamén a soedade da alma(soedade que aparece tan representativa nos poemas de Lois Pereiro); estas fotos forman un colaxe coa figura dun paxaro voando, marcando o perfil con cera branca negra. O fondo figura o noso mar e o noso ceo, está difuminado con cera pastel. Sempre a esperanza de que o sol brile, que rodea todo o paxaro, unha esperanza que nos voltará a nosa terra.

### **3.5-A FESTA(mural nº6):”...O fenómeno atmosférico da Felicidade, e tódalas Festas do mañá...O xemido das gaitas, e no carácter esa amable presenza da Graxa”. (Lois Periro).**

A frase foi recortada e pegada. Éxpoñense as fotos con elementos que son máis representativos das nosas festas : As comidas, orquestras, fogos, romerías. e os Mómoros de Pontedeume, eternamente presentes nas Festas das Peras. Tamén representan os distintos tipos de Festas: Festas de Galicia, Festas da Historia, Festas dos patróns, Festas gastronómicas...sen esquecer nunca as nosas festas tradicionais: o Antroido , O Magosto, O Samaín...

Os debuxos que realizaron os nenos indican persoaxes e accións que eles identifican coas festas: as rosquilleiras, bailando o solto e mailo agarrado, a importancia da nosa gaita nas festas, as danzas tradicionais...

Este tema presenta todo un mundo de relacións sociais: a xuntanza da familia, o encontro cos veciños;o importante qué é o tempo de lecer; as relacións amorosas entre os mozos e as mozas fai algúns anos; as manifestacións dunha cultura popular tan importante na nosa terra; o disfrute da música e das formas máis tradicionais da nosa cultura popular...

### **3.6-FOGAR(mural nº7):”...Formas do Futuro,Figuras do pasado...¿Quen ri aí ó meu carón?...O Son da Soedade e do Silenzo...Sereos e sombríos...”(Lois Pereiro).**

Eleximos os distintos tipos de vivendas que se dan pola nosa bisbarra, fixédonos nos diversos materiais que se empregaron para a súa construción, empregando materiais da zona e respetando a paisaxe na que se atopan. Tamén se traballou sobre a utilidade da vivenda, dos distintos cuartos e das construcións anexas a mesma: a palleira, o hórreo. as cortes...

Debuxaron as súas casa e a dos seus avós para observar as diferenzas. Realizamos unha crítica da destrución da nosa paisaxe, debido as contrucións de urbanizacións na nosa zona , nos derradeiros anos.

Esta traballo está relacionado coa visita que fixemos ao Museo Etnográfico da Capela, onde podemos ver os distintos utensilios e apeiros de labranza que tiña unha casa rural galega.

### **3.7-A NOSA HERDANZA(mural nº8)”A nosa Herdanza adestraza na fuxida, coa sabedoría das vellas feridas, vencidos somentes por nós mesmos...Paisaxes espalladas, enfiadas entre os Perfiles do Pasado, coa presenza dunha vexetal sensación de eternidade...”(Lois Pereiro).**

O fondo do mural é un debuxo do século XVII que aparece na historia de Pontedeume, representando como sería a vila na época do medievo, así como as terras dos Andrade.

A nosa bisbarra é immensamente rica en construccions medievas, por un lado as fortificacións do Torreón e o Castelo de Andrade, pola outra banda o patrimonio de construcións relixiosas.a maioría de arte románico: San Miguel de Breamo, San Xoán de Vilanova, igrexa de Doroña, Mosteiro de Caaveiro e xa máis tardío Mosteiro de Monfero, San Iago de Pontedeume e As Virtudes.Non nos esquecemos dalgunhas mostras barrocas e neoclásicas.

Esta riqueza que nos quedou dos nosos antergosé a proba dun pobo loitador, a alma da nosa historia, o coñecemento daqueles que nos precederon , é a memoria do noso pobo, que sempre temos que lembrar e sobre todo valorar.

### **3.8-MISTERIO(mural nº9):”O Misterio da música doa Mortos, pero o Miño vai levando ese Misterio ó Mar...Noite. Néboa.Negro:materia poética nacional...O Miño é o noso sangue e o Sil a súa sombra...Loito: manchas na paisaxe,bolas negras sobre o tapete verde...”(Lois Pereiro).**

Este mural foi elixido como o máis representativo da vida e obra de Lois Pereiro.

Para a súa composición, tivéronse en conta unha serie de palabras: Música, Morte, Miño,Oscuridade. Brétema...O traballo representa ao pai Miño que fai o seu percorrido polo corpo de Galicia como veas cheas de sangue que asolaga e fertiliza a nosa terra, chegando ao seu final morrendo no mar. Fixemos unha coparación co noso

río Eume, que vai a morrer na Ría de Ares.

Para enriquecer este mundo de misterio, acudimos a nosa literatura popular de lendas de lobos, mouchos, meigas, a santa compañía, os cruceiros (mestura de crenzas antigas coa simboloxía do cristianismo), pantasmas que nos asustan nesa noite tenebrosa, cunha lúa chea que nos enmeiga dende o ceo. Rituais da queimada, do noso pobo Celta, nunha paisaxe anoitecida entre lusco e fusco. Todo envolto no misterio da nosa vida, da nosa música.

Así entendemos a vida e obra do noso poeta, Lois Pereiro: unha vida cargada de sufrimento, de negrura, de loito e de loita para saír desa brétema que lle afogaba a súa alma, pedindo só ao final quedar coa súa soedade, no seu mundo de misterio, de morte.

**3.9-PATRIA (mural nº 10): "Poesía. Patria. Paixón. Perigo de extinción, perdidos na nosa propia Pureza, da necesidade de ser un pobo... A Terra é o principio e todo existe nela e para ela..." (Lois Pereiro).**

O traballo parte do mapa de Galicia feito coas fotos que máis representan a paisaxe galega. De fondo puxemos as nosas cores: o verde dos nosos campos, o azul do noso mar, as cores amarelas e castañas da nosa terra e das nosas montañas. As letras para facer o texto, colléronse de distintas revistas.

Traballouse o concepto de Galicia como Comunidade Autónoma: Comunidade Histórica, cunha cultura e unha lingua propia que temos que empregar, coidar e valorar

Tamén o orgullo de sermos galegos, a riqueza inmensa da nosa patria e a grande satisfacción de sentirmos parte desta fermosa Terra.

**3.10-RURAL (mural nº 11): "Corre sangue Rural por estas veas; e se algunha vez a razón opón resistencia, o galego reconécese na terra, na lenta vitalidade da árbore, na invencible resignación da herba." (Lois Pereiro).**

As fotos escollidas para esta palabra están rasgadas, rotas, como o Rural que pouco a pouco se vai fendendo na súa propia soedade, no seu abandono, na indiferencia dos demais... Pero queiramos ou non, non podemos rachar coa nosa orixe, a nosa esencia, o noso propio ser. Do Rural procedemos, por iso a palabra Rural aparece no centro do mural, de xeito tridimensional enchendo todo. O fondo está salpicado das diferentes cores que aparecen nos nosos agros. As follas que están caíndo, levadas polo vento e son abandonadas sobre a sempre eterna terra. Así se sente o autor. abandonado, como tamén lle pasa ao Rural.

**3.11-VELLOS (mural nº 12): "Vacas en Vales mollados, e a férrea Vontade dos Vellos encadeados á terra, co vicio do seu fatalismo escéptico." (Lois Pereiro).**

Os nenos traballaron este concepto dende o cariño e a tenrura que sinten polos seus avós. Unha vida gastada e cansada, rica nas vivencias, chea de amor e desamor, de

loitas e de entregas, de dores e ledicias, de paz , de sosego de traballo cumprido, de serenidade...Todo canto ao noso autor lle faltou, quizais polo prematuro do seu pasamento que non lle permitiu o goce da vida e da paz interior, xa que sempre foi chea de inconformismo e desasosego.

Neste mural os alumn@s plasmaron todas as actividades que realizan cos seus avós, debuxaron o que máis lles gusta facer con eles: xogar, escoitar os contos, compartir traballos...Os corazóns simbolizan o seu cariño.

O tema dos nosos maiores, xa foi traballado o curso pasado neste centro, onde varios avós viñeron a compartir connosco lecturas, experiencias e afeccións. Tamén un coro de maiores nos deleitaron con cancións tradicionais. Este curso, dentro do traballo que estamos a facer sobre xogos populares, queremos contar coa súa participación.

### **3.12-VERDE(MURAL13):Verde.Verde,e máis Verde sobre outros verdes, e por tras:Verde.(Lois Pereiro).**

O traballo está realizado estilo colaxe de diferentes verdes. Este tema, os nenos relacionaron coa vexetación galega sempre baseada na choiva constante e no esperado sol. A humidade é a esencia dese verdor. Verde que nos chega ata o máis profundo do noso ser e que nos fai revivir.

Formando parte desa vexetación, están tamén toda a fauna que viven nos nosos bosques: insectos, paxaros, mamíferos...Todo xunto forman a riqueza das nosas paisaxes, dos nosos montes e sobre todo da nosa Fraga. Pero ese verde, pode desaparecer polo problema da contaminación ,e con el toda a nosa flora e fauna.

#### **3.12-O AUTOR(mural nº14)**

**NADA**

**Cun saúdo ó corpo**

**á terra**

**e Nada**

**déronlle terra estraña**

**á frol maldita**

**da súa peor imaxe**

**ó seu cadavre**

**en plena posesión do seu futuro**

**adiviñándose na súa pel**

**o alento envolto en seda dunha amante**

**presente na súa ausencia**

**as mans xeadas**

**un perfume mortal**

**e outra vez nada.**

Este mural realizouse sobre un fondo imprimindo unha fotografía de Lois Pereiro. Un/a neno/a de cada curso escribiu un verso dos seus poemas. E fomos colocándoo de xeito irregular. É o remate do noso traballo: todo empeza e todo remata co poeta. Este traballo parte dos sentimentos e das vivencias do autor e acaba co noso entorno, traballo que se pode aplicar en calquera colexio de Galiza, levando esta reflexión á súa propia realidade.

#### 4.-ACTIVIDADES: (Clasificadas por ámbitos de coñecemento e competencias)

##### **4.1 Comunicación lingüística:**

- Ler e recitar poemas de Lois Pereiro. (Adaptados un pouco a súa idade).
- Facer unha exposición do mural traballado lendo o poema correspondente.
- Realizar contos partindo da/s palabra/as escollida/as. (Mandamos dous exemplos de contos que traballaron os de infantil sobre a “Auga”).
- Traballar nun poema o significado distintos que aportan as palabras. (Ex: oscuridade = morte,...)
- Comparar o galego empregado polo escritor co galego normativo de hoxe en día. Observar as variacións morfolóxicas.
- Realizar medida e rima? Dalgún poema. Intentar marcar o ritmo e cadencia do mesmo.
- Traballar as metáforas e construír outras partindo dalgunha palabra ou expresión empregada polo poeta.
- Pola dificultade de comprensión, buscar no dicionario palabras que non se lle coñezan o seu significado, intentar adaptalo ao contexto.
- Buscar información sobre a vida e obra do poeta. Resumilo e presentar o traballo.
- escoitar contos (para os máis pequenos) das palabras traballadas nestes murais.
- Imaxinar e narrar a vida do autor mediante viñetas.
- Recoller lendas (dos nosos avós) que estén relacionadas co traballo: a Santa Compañía, Os Andrade, O Castelo, os mosteiros de Caaveiro e Monfero...
- Facer adiviñas sobre as palabras elixidas: a auga, o fogar, a emigración...
- Que é unha Loia? Buscar información sobre esta palabra e da revista publicada en Madrid onde Lois Pereiro colaborou con poemas seus.
- Realizar actividades do tipo: verdadeiro/falso, relacionar por columnas, completar poemas, facer encrucillados...
- Partindo de Monforte de Lemos (vila onde naceu o escritor) facer unha descripción da paisaxe daquela zona.

##### **4.2 Aprender a aprender.**

- Buscar información en indistintos medios: libros, publicacións, revistas, xornais, internet...sobre a vida e obra do autor.
- Contrastar a información obtida, distinguir o principal do secundario, organizala nun lugar e nun tempo concreto.

- Buscar nas suas obras rasgos identificativos e os sentimentos que quere expresar.
- Realizar un esquema-resumen da vida e obras de Lois Pereiro.

#### **4.3 Coñecemento e interacción no mundo físico:**

- Localizar nun mapa de Galiza lugares relacionados coa vida e obras do autor.
- Traballar o mapa de Galiza coas provincias que a integran. Diferenciando a parte interior das costeiras, indicando mares e océanos.
  - Diferenciar a poboación rural-urbana.
  - Situar nun mapa de España lugares onde viviu ou percorreu.
- Pola temática da “Auga”, máis concretamente o río Eume.
- No tema do “Verde”, situar as zonas de Galiza que sexan Parques Naturais ou de interese ecolóxico (concretándonos nas Fragas do Eume).
- Buscar información sobre flora e fauna máis característica da nosa Comunidade, señalando as especies extinguidas.
- Realizar “Webquest” sobre algún tema que nos parece interesante. No noso centro temos un sobre “As Fragas do Eume”.
- Investigar problemas de comunicación na nosa zona e de que maneira podemos solucionarlos.
- Informar e expoñer sobre as bases económicas da sociedade rural, centrándonos no sector primario.

#### **4.4 Tratamento da información e competencia dixital:**

- Buscar información en internet por distintas vías sobre o autor e a súa obra así como todo o relacionado con el, por exemplo a revista “Loia”..., a enfermidade que padece (SIDA), a causa da súa morte (Colza)...
- Realizar todas as fotografías, pasadas a un pincho e clasificadas por temáticas e imprimilas.
  - Buscar mapas da época medieval da nosa zona e imprimilo.
  - Ver algún documental ou película sobre a época na que viviu o autor e as circunstancias persoais que marcaron o pesimismo da súa vida.
    - Configurar o texto e presentalo a través do medio informático.
    - Presentar todo o traballo realizado a través dunha presentación de diapositivas.

#### **4.5 Competencia cultural e artística:**

- Presentar os murais empregando distintas técnicas: ceras duras, brandas, pastel, rotulador, pintura de dedos, témpera...con salpicado, trazado, esponxa...
- Utilizar distintos materiais: papel celofán, seda, cartulina, folios de cores, purpurina, follas, recortes de revistas...
  - Facer colaxes coas distintas fotografías acompañadas doutras materiais.
  - Recortar, pegar, rasgar, repasar...
  - Debuxar e pintar distintos elementos que se relacionan coa palabra ou pensamentos elixidos.
    - Rotulación de títulos.
    - Expresar mediante o debuxo ideas ou metafóricas do que nos transmiten os

sentimentos do autor.

- Escenificar todo o traballo realizado: por exemplo, Eu son a auga/ o ol / a vexetación / a árbore...

- Representar no Antroido unha época histórica; nós concretamente este anos representamos a época medieval, as súas clases sociais: nobreza (Andrade), clero (Mosteiro de Caaveiro e Monfero) Campesiños, guerreiros, etc...Basados no mural da "Nosa Herdanza".

- Acompañar as distintas escenificacións coa música da época correspondente.

- Basándonos no mural das "Festas".Buscar información sobre os distintos instrumentos musicais da música popular galega.

- Realizar audicións dos distintos instrumentos de principais formas de folclore galego: muiñeiras, ribeiranas, xotas, alalás, alboradas...

#### **4.6 Competencia matemática:**

- Indicar a vida do autor de xeito cronolóxico

- Clasificar cronoloxicamente as súas obras.

- Traballar os criterios temporais: antes, agora e despois.

- Traballar o tempo que transcurre na realización dun proceso.

- Relacionar o mesmo número de persoas que emigraron nos anos 50-60, con respecto a poboación que había en Galiza.

- Comparar a densidade de poboación rural e urbana.

- Facer a medida dun poema

- Traballar as medidas de tempo, lonxitude (a dos ríos) superficie (a dos agros nas zonas rurais)...

#### **4.7 Competencia social e cidadá:**

- Mostrar os diferentes vivendas galegas e as súa utilidade.

- A vida de Lois Pereira, transcorreu entre os anos da ditadura, viviu o momento da transición e os primeiros anos da Democracia. Realizouse un traballo sobre esas dúas formas políticas indicando todos os aspectos positivos da vida democrática: liberdade, eleccións, respecto, as ideas dos demais, sindicalismo...

- Buscar información sobre a emigración en Galiza nos anos 50-60, a que países se emigraba e por qué?

- Indicaron as consecuencias que supuxo para Galiza a emigración masiva neses anos

- Mostrar unha relación de tolerancia e acollemento aos emigrantes que veñen aquí.

- Informarse de que país veñen, por qué veñen, que perspectivas teñen...(referente aos inmigrantes da nosa zona)

- Facer un esquema de todos os monumentos históricos, indicando época e finalidade de cada un.

- Traballar as características da poboación e forma de vida medievais.

- Ver algún documental ou película da época histórica que estamos a traballar.

- Facer un coloquio crítico e tolerante, sobre persoas que poidan padecer SIDA ou outra enfermidade que lles supoña unha discriminación social.

- Falar sobre as consecuencias que poden causar aos demais unha actitude negativa

basada no propio interese económico sin importares que peligre a integridade física das persoas. (Neste caso o Aceite de Colza); hoxe en día a conducción irresponsabel, alimentos non controlados e tóxicos...

- Valorar a gran importancia da ecoloxía e as consecuencias negativas da contaminación, polo tanto a destrucción da nosa riqueza paisaxística.

